



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de resolver a convocatoria de axudas para a **Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas en Centros Tecnolóxicos Consolidados de Galicia**, publicada no pasado mes de xuño e que supón un investimento público de 1.872.000 euros.

O obxectivo desta liña de axudas é incentivar a transferencia de resultados de investigación, de coñecemento e de capacidades tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos consolidados ao mercado, coa finalidade de acadar un verdadeiro impacto na competitividade das empresas galegas e, deste xeito, xerar coñecemento.

Teñen a consideración de **centros tecnolóxicos consolidados** aqueles que figuran inscritos (ou teñan resolución de recoñecemento como centro tecnolóxico ou centro de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal) no rexistro regulado no Real Decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros.

En Galicia contamos con **seis centros tecnolóxicos** que reúnen estas características: a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste - **Centro Tecnolóxico AIMEN**, a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (**ANFACO-CECOPESCA**), a Fundación para a Promoción da Innovación,

Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria de Automoción de Galicia (**CTAG**), a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (**Energylab**), a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (**Gradient**) e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (**ITG**).

O reparto das axudas determínase en función da valoración dunha serie de **indicadores (13 en total)** que avalían as perspectivas financeira, de resultados e de igualdade dos centros solicitantes. Coa axuda recibida, os centros tecnolóxicos poderán custear gastos de persoal investigador ou de apoio; material bibliográfico; material funxible; formación do persoal do centro; entre outros.

A través desta liña de axudas, a Axencia Galega de Innovación leva achegados xa, entre 2013 e 2015, **6 millóns de euros** aos centros consolidados, o que contribúe ao seu funcionamento estable. Este esforzo súmase ao doutros programas para empresas que esixen a contratación de centros, como é o caso do Conecta pemes e as unidades mixtas de investigación, nos que están a cooperar centros tecnolóxicos e grandes empresas para impulsar en Galicia liñas de I+D punteiras.

Esta iniciativa constitúe un dos instrumentos de desenvolvemento do programa **GALICIA TRANSFIRE** da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3-Galicia) e está contemplada no Plan I2C, no eixo estratéxico 3, como apoio financeiro á consolidación de centros de coñecemento recoñecidos dentro do sistema galego de I+D+i, en función de obxectivos previamente establecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do tecido empresarial.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a infor.ma.gain@xunta.es.